



SESIÓN FORMATIVA ONLINE E BOOTCAMP PROCESO DE DECISIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE TECNOLOXÍAS COMPLEXAS



7 de setembro

 Sesión online

14 de setembro

 Sede da Axencia GAIN, Ferrol

Navegando o Futuro é un proxecto europeo que busca consolidar a transición tecnolóxica e promover a innovación no sector naval da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Para lograr este obxectivo, desenvolveranse distintas accións, entre elas, **sesións formativas online** e **bootcamps** orientados a facilitar a toma de decisións para a adquisición de tecnoloxías complexas en pemes da industria naval.

Os *bootcamps* pretenden **mellorar os procesos empresariais** antes de dixitalizalos (evitar a automatización de desperdicios), **escoller a tecnoloxía apropiada** acorde ás súas necesidades e controlar a xestión do cambio para beneficiarse plenamente da tecnoloxía.

O obxectivo é poñer en práctica os conceptos de **mapeo da cadea de valor** e análise da madurez dixital das empresas participantes, a través dun caso práctico que abarque tanto os fluxos físicos como os de información.

Ademais, xerarase a capacidade de mapear a cadea de valor actual e medir e cuantificar as distintas oportunidades de mellora, tendo en conta os inputs tecnolóxicos dispoñibles. Como resultado, **obterase un plan de implementación** a través das metodoloxías de traballo Eventos Kaizen e Proxectos Tecnolóxicos.

Como actividade previa ao *bootcamp*, levarase a cabo unha sesión formativa online para preparar aos participantes a través da introdución dos conceptos que se poñerán en práctica posteriormente, para así gañar maior produtividade e resultados óptimos.

gain.xunta.gal



Navegando o Futuro está liderado pola **Axencia GAIN** da Xunta de Galicia, a través do **CIS Tecnoloxía e Deseño**, **ACLUNAGA** e o **CATIM**, e financiado polo **FEDER**, mediante o **POCTEP 2014–2020**.

SESIÓN FORMATIVA ONLINE

 Xoves 7 de setembro  11:00 h  Sesión online  N° de asistentes: 20-24

11:00-11:10

Apertura de sesión, presentación da axenda e dos participantes.

11:10-13 :45

- Concepto de VSM para o mapeo da cadea de valor.
 - Simbología e operacións habituais para mapear.
 - Mapeo de fluxos de materiais e adquisición de datos.
 - Mapeo de fluxos de información e adquisición de datos.
-
- Caza ao muda e análise do valor engadido vs desperdicio nas operacións manuais.
 - Principios de creación de fluxo e principais metodoloxías de mellora de aplicación ás cadeas de valor.
 - Ferramentas tecnolóxicas para potenciar a mellora da cadea de valor.
-
- Priorización das melloras e Xeración dun plan de implementación (Visión Futura Lean + Dixital).
 - Cálculo do beneficio dos proxectos.
 - Exemplos e Casos de Estudo.

13:45-14:00

Conclusiones e peche.

BOOTCAMP

 Xoves 14 de setembro  10:00 h  Sede da Axencia GAIN, Ferrol  N° de asistentes: 20-24

10:00-10:15

Apertura da sesión, presentación da axenda e dos participantes.

10:15-11:45

Repaso de conceptos principais (VSM, simbología, fluxo, ferramentas tecnolóxicas).

Caso práctico: mapeo de fluxos de materiais e adquisición de datos.

11:45-12:00

Descanso para café.

12:00-12:45

Caso práctico: mapeo de fluxos de información e adquisición de datos.
Caso práctico: caza ao muda e análise do valor engadido vs desperdicio nas operacións manuais.

12:45-13:45

Caso práctico: priorización das melloras e Xeración dun plan de implementación (Visión Futura Lean + Dixital).

Caso práctico: cálculo do beneficio dos proxectos.

13:45-14:00

Conclusiones e peche.

